



1. Sinxuro do Presidente

Folha N.º

1

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o doce de decembro do ano dous mil dezasete, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Nôvoa, don Manuel Doval Soto, dona Ana M.ª Villarino Pardo e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.


Non asisten á sesión o deputado provincial e vicepresidente 2º, don Jorge Pumar Tesouro e o deputado provincial don Pablo Pérez Pérez, que escusan a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 1 DE DECEMBRO DE 2017.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día un de decembro de dous mil dezasete, a Xunta de Goberno da Deputación acordou, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CH DO MIÑO-SIL, A DEPUTACIÓN DE OURENSE E O CONCELLO DE BANDE PARA O FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN E ENTREGA, PARA O SEU MANTEMENTO E CONSERVACIÓN, DAS OBRAS DO PROXECTO DE PROLONGACIÓN DO ACONDICIONAMENTO DAS MARXES DO RÍO BADELLA.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense, na sesión ordinaria do día 3 de febreiro de 2017, aprobou o convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, esta Deputación Provincial e o Concello de Bande, para o financiamento, execución e entrega, para o seu mantemento e conservación, das obras do proxecto de prolongación do acondicionamento das marxes do río Badella.

Unha vez vistos os informes emitidos con posterioridade ao convenio que nos ocupa, e a requirimento da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, xorde a necesidade de modificar a cláusula segunda (en canto á vixencia do convenio), a cláusula quinta (no



NUMERADO
ORACIONES
CCALIS



[Signature]
I. Señalada de Presidencia

Folha N.º

2

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

referido á anualidade na que se executará a actuación, para acomodar as achegas económicas dos outorgantes ás novas necesidades e ao ritmo de execución das actuacións), e as cláusulas décima e duodécima (no relativo ás referencias á encomenda de xestión).

Por todo o anteriormente exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno da Deputación de Ourense adopta o seguinte acordo:**

- **Modificar o convenio de colaboración entre a CH do Miño-Sil, a Deputación de Ourense e o Concello de Bande para o financiamento, execución e entrega, para o seu mantemento e conservación, das obras do proxecto de prolongación do acondicionamento das marxes do río Badella, respectando en todos os seus termos tanto os compromisos de financiamento do importe total das actuacións recollidas no convenio suscrito, como o alcance e o obxecto das actuacións contempladas neste, consonte coas seguintes cláusulas:**

PRIMEIRA.- Modificación do apartado primeiro da cláusula segunda

Modifícase o apartado primeiro da cláusula segunda, que queda redactado do seguinte modo:

1. Este convenio resultará eficaz unha vez inscrito no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do Sector Público Estatal, e publicado no "Boletín Oficial do Estado".


A súa vixencia concluirá o 31 de decembro de 2019, salvo que nesa data non finalizaran as actuacións obxecto deste nin se procedera á recepción das obras, liquidación do contrato, finalización do prazo de garantía, e entrega das obras conforme co establecido na cláusula quinta, en cuxo caso os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais

SEGUNDA.- Modificación do primeiro parágrafo da cláusula quinta

Modifícase o primeiro parágrafo da cláusula quinta, que queda redactado do seguinte modo:

A actuación obxecto deste convenio presupótese unicamente na anualidade 2018. Non obstante, a distribución de anualidades poderá modificarse, se resultara necesario incrementar o número daquelas, para acomodar o financiamento á execución das actuacións.

TERCEIRA.- Modificación do apartado primeiro da cláusula décima



NUMERACIÓN
ORACIÓNS
OCA.5



Serie A N.º 2791682

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

Modifícase o apartado primeiro da cláusula décima, que queda redactado do seguinte modo:

1. O mantemento e conservación das obras obxecto deste convenio, a partir do día seguinte á recepción da notificación descrita no punto primeiro da cláusula sétima, converténdose para todos os efectos, no único responsable da infraestrutura construída, asumindo os dereitos, obrigas e cargas inherentes ao dito mantemento e conservación, e aceptando a mutación demanial que se tramite.

CUARTA.- Modificación da cláusula duodécima

A cláusula duodécima modifícase integramente do seguinte modo:


1.- A actuación obxecto deste convenio entregaráselle definitivamente ao Concello de Bande mediante mutación demanial que non alterará o réxime da titularidade das obras e instalacións obxecto desta, nin as facultades de inspección e control sobre estes que, en todo caso, lle corresponden ao Organismo de conca como titular.

2.- A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil consente expresamente que o Concello de Bande poida xestionar a explotación, mantemento e conservación das obras obxecto deste convenio, directa ou indirectamente, segundo o establecido na normativa vixente.

3.- As partes aceptan que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil tramite, ante a Dirección Xeral de Patrimonio do Ministerio de Facenda e Función Pública, o correspondente expediente de mutación demanial interadministrativa, a favor do Concello de Bande, ao abeiro do precitado artigo 71.4 da Lei do patrimonio das administracións públicas, para a súa afectación ao servizo público competencia da entidade local.

3.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CH DO MIÑO-SIL, A DEPUTACIÓN DE OURENSE E O CONCELLO DE MUÍÑOS PARA O FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN E ENTREGA, PARA O SEU MANTEMENTO E CONSERVACIÓN, DAS OBRAS DO PROXECTO DE SENDA PEÑIL NA MARXE ESQUERDA DO ENCORO DAS CONCHAS, TERMO MUNICIPAL DE MUÍÑOS.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense, na sesión ordinaria do día 3 de febreiro de 2017, aprobou o convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, esta Deputación Provincial e o Concello de Muíños, para o financiamento, execución e entrega, para o seu mantemento e conservación, das obras do





(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

4

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

proxecto de senda peonil na marxe esquerda do encoro das Conchas, termo municipal de Muíños.

Unha vez vistos os informes emitidos con posterioridade ao convenio que nos ocupa, e a requirimento da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, xorde a necesidade de modificar a cláusula segunda (en canto á vixencia do convenio), a cláusula quinta (no referido á anualidade na que se executará a actuación, para acomodar as achegas económicas dos outorgantes ás novas necesidades e ao ritmo de execución das actuacións), e as cláusulas décima e duodécima (no relativo ás referencias á encomenda de xestión).

Por todo o anteriormente exposto, propónselle á Xunta de Goberno da Deputación de Ourense a adopción do seguinte acordo:

- **Modificar** o convenio de colaboración entre a CH do Miño-Sil, a Deputación de Ourense e o Concello de Muíños para o financiamento, execución e entrega, para o seu mantemento e conservación, das obras do proxecto de senda peonil na marxe esquerda do encoro das Conchas, termo municipal de Muíños, respectando en todos os seus termos tanto os compromisos de financiamento do importe total das actuacións recollidas no convenio subscrito, como o alcance e o obxecto das actuacións contempladas neste, consonte coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- Modificación do apartado primeiro da cláusula segunda

Modifícase o apartado primeiro da cláusula segunda, que queda redactado do seguinte modo:

1. Este convenio resultará eficaz, unha vez inscrito no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do Sector Público Estatal, e publicado no "Boletín Oficial do Estado".

A súa vixencia concluirá o 31 de decembro de 2019, salvo que nesa data non finalizaran as actuacións obxecto deste, nin se procedera á recepción das obras, liquidación do contrato, finalización do prazo de garantía, e entrega das obras conforme co establecido na cláusula quinta, en cuxo caso os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

SEGUNDA.- Modificación do primeiro parágrafo da cláusula quinta

Modifícase o primeiro parágrafo da cláusula quinta, que queda redactado do seguinte modo:



NUMERADO
ORACIÓNS
OCAS



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

5

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

1. Para a execución do obxecto deste convenio, establécense, inicialmente, as seguintes anualidades. Estas modificaranse sempre que sexa necesario acomodar o financiamento á execución das actuacións obxecto do convenio.

Ano	Total	Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (50,00%)	Deputación Provincial de Ourense (50,00%)
2017	34.016,60 €	17.008,30 €	17.008,30 €
2018	45.983,40 €	22.991,70 €	22.991,70 €
Suma	80.000,00 €	40.000,00 €	40.000,00 €

TERCEIRA.- Modificación do apartado primeiro da cláusula décima

Modifícase o apartado primeiro da cláusula décima, que queda redactado do seguinte modo:

1. O mantemento e conservación das obras obxecto deste convenio, a partir do día seguinte á recepción da notificación descrita no punto primeiro da cláusula sétima, converténdose para todos os efectos, no único responsable da infraestrutura construída, asumindo os dereitos, obrigas e cargas inherentes ao dito mantemento e conservación, e aceptando a mutación demanial que se tramite.

CUARTA.- Modificación da cláusula duodécima

A cláusula duodécima modifícase integramente do seguinte modo:

1.- A actuación obxecto deste Convenio entregáraselle definitivamente ao Concello de Muíños mediante mutación demanial que non alterará o réxime da titularidade das obras e instalacións obxecto desta, nin as facultades de inspección e control sobre estes que, en todo caso, lle corresponden ao Organismo de conca como titular.

2.- A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil consente expresamente que o Concello de Muíños poida xestionar a explotación, mantemento e conservación das obras obxecto deste convenio, directa ou indirectamente, segundo o establecido na normativa vixente.

3.- As partes aceptan que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil tramite, ante a Dirección Xeral de Patrimonio do Ministerio de Facenda e Función Pública, o correspondente expediente de mutación demanial interadministrativa, a favor do Concello de Muíños, ao abeiro do precitado artigo 71.4 da Lei do patrimonio das administracións públicas, para a súa afectación ao servizo público competencia da entidade local.



NUMERADO
ORACIÓN
DC 918



[Handwritten signature]
| *[Handwritten signature]* |
| *[Handwritten signature]* |

Folio N.º

6

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

4.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CH DO MIÑO-SIL, A DEPUTACIÓN DE OURENSE E O CONCELLO DE PADRENDA PARA O FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN E ENTREGA, PARA O SEU MANTEMENTO E CONSERVACIÓN, DAS OBRAS DO PROXECTO DE PASO SOBRE O RÍO GORGUA NO MUNICIPIO DE PADRENDA.-

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense, na sesión ordinaria do día 3 de febreiro de 2017, aprobou o convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, esta Deputación Provincial e o Concello de Padrenda, para o financiamento, execución e entrega, para o seu mantemento e conservación, das obras do proxecto de paso sobre o río Gorgua no municipio de Padrenda.

Unha vez vistos os informes emitidos con posterioridade ao convenio que nos ocupa, e a requirimento da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, xorde a necesidade de modificar a cláusula segunda (en canto á vixencia do convenio), a cláusula quinta (no referido á anualidade na que se executará a actuación, para acomodar as achegas económicas dos outorgantes ás novas necesidades e ao ritmo de execución das actuacións), e as cláusulas décima e duodécima (no relativo ás referencias á encomenda de xestión).


Por todo o anteriormente exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno da Deputación de Ourense adoptou o seguinte acordo:

- **Modificar** o convenio de colaboración entre a CH do Miño-Sil, a Deputación de Ourense e o Concello de Padrenda para o financiamento, execución e entrega, para o seu mantemento e conservación, das obras do proxecto de paso sobre o río Gorgua no municipio de Padrenda, respectando en todos os seus termos tanto os compromisos de financiamento do importe total das actuacións recollidas no convenio suscrito, como o alcance e o obxecto das actuacións contempladas neste, consonte coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- Modificación do apartado primeiro da cláusula segunda

Modifícase o apartado primeiro da cláusula segunda, que queda redactado do seguinte modo:

1. Este convenio resultará eficaz unha vez inscrito no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do Sector Público Estatal, e publicado no "Boletín Oficial do Estado".



NUMERACIÓN
ORACIÓNS
OC 415



1. Selo do Concello

Folha N.º

7

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

A súa vixencia concluirá o 31 de decembro de 2019, salvo que nesa data non finalizaran as actuacións obxecto deste nin se procedera á recepción das obras, liquidación do contrato, finalización do prazo de garantía, e entrega das obras conforme co establecido na cláusula quinta, en cuxo caso os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

SEGUNDA.- Modificación do primeiro parágrafo da cláusula quinta

Modifícase o primeiro parágrafo da cláusula quinta, que queda redactado do seguinte modo:

A actuación obxecto deste convenio presupóntase unicamente na anualidade 2018. Non obstante a distribución de anualidades poderá modificarse se resultara necesario incrementar o número daquelas, para acomodar o financiamento á execución das actuacións.

TERCEIRA.- Modificación do apartado primeiro da cláusula décima

Modifícase o apartado primeiro da cláusula décima, que queda redactado do seguinte modo:

1. O mantemento e conservación das obras obxecto deste convenio, a partir do día seguinte á recepción da notificación descrita no punto primeiro da cláusula sétima, converténdose para todos os efectos, no único responsable da infraestrutura construída, asumindo os dereitos, obrigas e cargas inherentes ao dito mantemento e conservación, e aceptando a mutación demanial que se tramite.


CUARTA.- Modificación da cláusula duodécima

A cláusula duodécima modifícase integramente do seguinte modo:

1.- A actuación obxecto deste convenio entregaráselle definitivamente ao Concello de Padrenda mediante mutación demanial que non alterará o réxime da titularidade das obras e instalacións obxecto desta, nin as facultades de inspección e control sobre estes que, en todo caso, lle corresponden ao Organismo de conca como titular.

2.- A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil consente expresamente que o Concello de Padrenda poida xestionar a explotación, mantemento e conservación das obras obxecto deste convenio, directa ou indirectamente, segundo o establecido na normativa vixente.

3.- As partes aceptan que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil tramite, ante a Dirección Xeral de Patrimonio do Ministerio de Facenda e Función Pública, o



NUMERADO
ORACIÓN
OCAIS



[Signature]

Folha N.º

8

Serie A N.º 2791682

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

correspondente expediente de mutación demanial interadministrativa, a favor do Concello de Padrenda, ao abeiro do precitado artigo 71.4 da Lei do patrimonio das administracións públicas, para a súa afectación ao servizo público competencia da entidade local.

5.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN, A INSTANCIA DO CONCELLO DE OURENSE, DAS OBRAS MUNICIPAIS INCLUÍDAS NO PLAN ESPECIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DO CONCELLO DE OURENSE


(2017-2018). - Unha vez visto o Programa especial de cooperación para o cofinanciamento de obras promovidas polo Concello de Ourense (2017-2018), aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión do día 28 de abril de 2017 e cuxo texto definitivo foi publicado no BOP de Ourense n.º 149, do 30 de xuño de 2017.

Vista a base 3ª, apartado 2º, no que se indica que *"as modificacións relativas ás obras municipais que teñan que tramitarse a Instancia do Concello de Ourense logo da aprobación definitiva do plan (tales como modificacións dos orzamentos das obras que afecten exclusivamente ás achegas municipais, cambios na denominación das obras, incorporación e baixa de obras do plan...), serán autorizadas por acordo da Xunta de Goberno Provincial"*.

Visto que con data 5 de decembro de 2017 se recibiu solicitude de modificación no referido programa, co seguinte contido:

Primeiro.- Baixa das obras que de seguido se detallan:

N.º	Obra	Orzamento €
3	Rehabilitación de firmes e beirarrúas en varias rúas de Covadonga: Júpiter e outras.	855.222,50.-
4	Urbanización rúa Miradoiro e primeiro tramo Camiño da Lebre.	280.000,00.-
7	Acondicionamento da rúa Salto do Can e rúa Carballo.	1.069.805,60.-
10	Urbanización da zona de aparcamento tras polideportivo de Oira.	233.242,50.-
11	Acondicionamento rúa (Baixada á Igrexa) e Camiño das Fontes-Santa Mariña.	147.720,25.-
12	Ampliación e acondicionamento do viario que une Pradobó e O Pereiro.	672.711,25.-
13	Acondicionamento da rúa Vía Vella.	299.483,37.-
14	Renovación do pavimento, firme e rede de sumidouros na rúa Ribeira de Canedo.	285.000,00.-
15	Humanización da rúa Boa Vista e rúa do Sol-Eiroas.	757.727,14.-
16	Instalación elevador na Cruz Alta.	932.000,00.-
17	Instalación de elevador na rúa Avilés de Taramancos (á altura da Ponte de Ervedelo)	150.000,00.-
18	Acondicionamento de espazos urbanos na cidade de	

NUMERADO
ORACIÓNS
OCAIS



(Selo do Presidente)

Folio N.º

9

Serie A N.º 2701692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017


	Ourense, rúa Vázquez Núñez.	392.000,00.-
19	Sostén de noiro na rúa Sánchez de Arteaga e rúa Arnoia.	273.000,00.-
20	Acondicionamento traseiras Roi Páez.	200.000,00.-
21	Mellora de accesibilidade en rúa Arlas Páez e zona de influencia.	200.000,00.-
23	Retirada de fosa séptica da Praza das Fontes e acometida coa rede xeral de Rairo.	317.550,00.-
24	Eliminación de punto de verquido no Regato do Chis-rúa da Marquesa-Rairo.	186.150,00.-

Segundo.- Modificación do orzamento das seguintes obras:

N.º	Obra	Orzamento €
1	Acondicionamento do viario dende Ceboliño á urbanización Monterrei.	156.426,43.- 105.329,46.-
2	Acondicionamento rúa Antolin Losada Torvisco e prolongación rúa Bieito Amado-Rairo.	727.716,60.- 1.056.501,97.-
5	Acondicionamento rúa Vasco Díaz Tanco.	453.843,26.- 817.606,98.-
6	Acondicionamento rúa da Rabaza.	254.001,08.- 260.412,57.-
8	Acondicionamento dos viarios rúa Casagrande, rúa da Fonte e rúa da Mirta.	347.271,65.- 321.577,99.-
9	Construción de beirarrúa e arranxo do viario rúa Rabeda-As Curuxeiras.	248.792,00.- 293.493,66.-
22	Instalación depuradora/fosa séptica no núcleo de Calvelos-Santa Cruz de Acrabaldo.	131.400,00.- 190.791,84.-
25	Proxecto de rehabilitación do parque Alameda do Cruceiro. Mellora e adaptación do parque infantil da Alameda do Cruceiro.	701.887,14.- 716.500,00.-

Terceiro.- Incorporación das seguintes obras:

Obra	Orzamento €
Proxecto adecuación da rúa Enxido e Ousande-Cabeza de Vaca.	123.333,45.-
Proxecto de pavimentación e recollida de augas na rúa San Jerónimo-Rairo.	70.738,71.-
Proxecto de ensanche de beirarrúa dende Fonte do Monte á rúa Ricardo Courtier.	64.781,67.-
Proxecto de acondicionamento da estrada dende OUI-506 ata o cemiterio de Velle.	78.498,46.-
Proxecto de acondicionamento viario rúa da Tenencia-Montescos-Zain.	175.663,38.-
Proxecto de asfaltado de viario e construción de noiro de contención na rúa Xoaquín Montes Capón-Santa Ana.	60.498,66.-
Proxecto de acondicionamento de pista de acceso á Igrexa-ruño público-Castro de Beiro.	60.000,00.-
Proxecto de adecuación de espazo libre en Zain.	60.184,98.-
Acondicionamento da rúa Retorta.	29.641,21.-
Acondicionamento Camiño de Outeiro-Untes.	45.035,78.-
Adecuación camiño da Belra do Regato-Eirasvedras.	34.191,42.-
Acondicionamento rúa Amendo, Travesa e tras da Cerca-Seixalvo.	43.692,01.-
Acondicionamento das marxes da estrada de acceso ó núcleo de A Conchada-Palmés.	19.802,09.-



NUMERADO
ORACIÓNS
LOCAIS



Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

Instalación de área de xogos e circuito biosaudable e valado nas traseiras da rúa Camiño Caneiro.	48.206,27.-
Obras de acondicionamento e reposición en Parque Infantil Alfonso X el Sabio.	60.477,47.-
Proxecto de execución da rede de saneamento na rúa Albaredo e bombeo á rede xeral pola N-120.	189.344,66.-

Por todo o anteriormente exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobala modificación do obxecto do Plan especial de cooperación ás obras e servizos do Concello de Ourense (2017-2018), co contido que se detalla:

N.º	Obra	Orzamento €
1	Acondicionamento do viario dende Ceboliño á urbanización Monterrei.	109.329,46.-
2	Acondicionamento rúa Antolín Losada Torvisco e prolongación rúa Bleito Amado-Rairo.	1.056.501,97.-
3	Proxecto adecuación da rúa Enxido e Ousande-Cabeza de Vaca.	123.333,45.-
4	Proxecto de pavimentación e recollida de augas na rúa San Jerónimo-Rairo.	70.738,71.-
5	Acondicionamento rúa Vasco Díaz Tanco.	817.606,98.-
6	Acondicionamento rúa da Rabaza.	260.412,57.-
7	Proxecto de ensanche de beirarrúa dende Fonte do Monte á rúa Ricardo Courtier.	64.781,67.-
8	Acondicionamento dos viarios rúa Casagrande, rúa do Fonte e rúa da Mirta.	321.577,99.-
9	Construción de beirarrúa e arranxo do viario rúa Rábeda-As Curuxeiras.	295.495,66.-
10	Proxecto de acondicionamento da estrada dende OU-506 ata o cemiterio de Velle.	78.498,46.-
11	Proxecto de acondicionamento viario rúa da Tenencia-Montoscos-Zain.	175.663,38.-
12	Proxecto de asfaltado de viario e construción de noiro de contención na rúa Xoaquín Montes Capón-Santa Ana.	60.498,66.-
13	Proxecto de acondicionamento de pista de acceso á Igrexa-tramo público-Castro de Beiro.	60.000,00.-
14	Proxecto de adecuación de espazo libre en Zain.	60.184,98.-
15	Acondicionamento da rúa Retorta.	29.641,21.-
16	Acondicionamento Camiño de Outeiro-Untes.	45.035,78.-
17	Adecuación camiño da Beira do Regato-Eirasvedras.	34.191,42.-
18	Acondicionamento rúa Amendo, Travesa e tras da Cerca-Seixalvo.	43.692,01.-
19	Acondicionamento das marxes da estrada de acceso ó núcleo de A Conchada-Palmés.	19.802,09.-
20	Instalación de área de xogos e circuito biosaudable e valado nas traseiras da rúa Camiño Canelro.	48.206,27.-
21	Obras de acondicionamento e reposición en Parque Infantil Alfonso X el Sabio.	60.477,47.-
22	Instalación depuradora/fosa séptica no núcleo de Calvelos-Santa Cruz de Arrabaldo.	190.791,84.-



1. Sinalado de F. Estrella

Folha N.º

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

23	Proxecto de execución da rede de saneamento na rúa Albaredo e bombeo á rede xeral pola N-120	189.344,66.-
25	Proxecto de rehabilitación do parque Alameda do Cruceiro. Mellora e adaptación do parque infantil da Alameda do Cruceiro.	716.500,00.-


2º.- Publicar este acordo no BOP, para xeral coñecemento.

6.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO TERMALISMO SAUDABLE E A CULTURA TERMAL NA PROVINCIA DE OURENSE CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2018.-

En atención aos positivos resultados acadados en exercicios anteriores (resultados que se teñen multiplicado de xeito exponencial cada ano, e tanto dende o punto de vista cuantitativo como, sobre todo, cualitativo) e de acordo cos establecementos balnearios da provincia de Ourense, a Deputación pon en marcha, un ano máis, o programa de subvencións para o fomento do termalismo saudable e a cultura termal, consolidando así este proxecto enmarcado na estratexia "Ourense, Provincia Termal", que abrangue a oferta de estancias balnearias sociais, con infraestruturas de fomento da mobilidade das persoas e co acercamento e descubrimento dos recursos naturais e culturais da provincia.

As bases reguladoras do concurso de subvencións para o fomento do termalismo saudable e a cultura termal xiran en torno a dúas grandes liñas de subvención: a primeira, ten como obxectivo fomentar o uso dos servizos destes establecementos provinciais polas persoas adultas que superen os 50 anos de idade, na procura do fomento do ocio saudable destas persoas, contribuíndo deste xeito a incrementar a súa calidade de vida e benestar, ao tempo que se incide no desenvolvemento e maior coñecemento do termalismo provincial, sector estratéxico económico e social para Ourense; e a segunda liña potencia a cultura termal, nun afán de divulgar este concepto, facilitando o goce do sistema do benestar termal para todas as idades.

Estas bases adáptanse á Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e obteñen ao seu abeiro competencial no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que lle atribúe á Deputación a competencia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, respondendo ás previsións da liña C.6 de fomento do benestar do Plan



NUMERADO
ORACIÓNS
O.C.A.S



(Secretaría Xeral de Ourense)

Folha N.º

12

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

estratéxico de subvencións da Deputación de Ourense e do INORDE para o exercicios 2016-2019 (BOP núm. 29, do 5 de febreiro 2016), dentro da acción III do Plan de acción contemplado no apartado 5º III.

Polo exposto, unha vez visto o proxecto de bases elaborado pola Área de Benestar e supervisado pola Secretaría Xeral, a Xunta de Goberno, por unanimidade, **adopta o seguinte acordo:**

1º) Aprobar as bases reguladoras do concurso para a concesión de subvencións para o fomento do termalismo saudable e a cultura termal na provincia de Ourense correspondente ao exercicio 2018, co seguinte contido:

Primeira. Obxecto e beneficiarios

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da concesión de subvencións destinadas ao fomento do ocio saudable nas instalacións balnearias da provincia de Ourense, mediante concorrencia non competitiva a través do procedemento previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 8 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 260, do 12 de novembro de 2015).

A concesión de axudas ás que se refire esta convocatoria realizarase de forma continua, ata esgotar o orzamento previsto, segundo a orde de recepción das solicitudes e baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.


Segunda. Relación dos programas de estancias e tratamentos subvencionados. Períodos de realización das estancias.

A través do procedemento regulado nestas bases, a Deputación Provincial de Ourense concederá subvencións para os seguintes programas:

1. Programa de termalismo saudable: este programa abrangue dúas modalidades, A (estancias balnearias, con ou sen servizo de transporte en tren) e B (tratamentos terapéuticos sen estancia) co contido que se describe no apartado seguinte.

2. Programa de cultura termal.

A realización das estancias ou recepción dos tratamentos subvencionados a través destes programas terá lugar entre o día seguinte ao da publicación destas bases e ata o 15 de decembro de 2018, nas datas elixidas polos solicitantes nos períodos ofertados para cada



NUMERACIÓN
ORACIÓNS
OCAS



[Sin embargo, la Deputación]

Folios N.º

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

programa.

Os períodos de realización das estancias no Programa de termalismo saudable iniciaranse o luns, día de chegada, e ata o sábado, día da saída.

Os períodos de realización das estancias no Programa de cultura termal iniciaranse o sábado, día de chegada, ata o domingo día de saída no Programa de cultura termal.

Terceira. Descrición do Programa de termalismo saudable


A. Estancias

A.1 Estancias balnearias: Nesta liña A.1 subvenciónanse estancias dos beneficiarios nos establecementos balnearios da provincia de Ourense de 6 días de duración (5 noites) de luns a sábado (en réxime de habitación dobre compartida, sen prexuízo do previsto na base cuarta, apartado 3) pensión completa (incluíndo nesta pensión completa a bebida), 10 técnicas balnearias, posibilidade de revisión médica dos beneficiarios, (sempre que o demanden) e programa de animación social.

A.2 Estancias balnearias + tren: estas subvencións financiarán as estancias balnearias conforme co previsto no apartado A.1, e ademais os beneficiarios da subvención poderán adquirir os billetes de tren (ida e volta), dende algunha das "estacións termais" que participan neste programa e que se refíren no convenio subscrito entre a Deputación de Ourense e RENFE ata a estación de Ourense. Os balnearios proporcionan servizos de traslado (ida e volta) dende a estación de Ourense ata os balnearios seleccionados e rutas culturais.

A xestión da adquisición e posta a disposición dos billetes de tren, así como os traslados entre a estación e os balnearios e as rutas culturais que se propoñan en cada unha das semanas serán responsabilidade do balneario no que o solicitante desexe gozar do programa e non implican ningún gasto de xestión. O custo do billete, que será aboado polo beneficiario, incluírá a tarifa prevista por RENFE para este programa e o importe aboado polo beneficiario en concepto de traslados e rutas culturais (estación de tren de Ourense/balneario/estación de tren, rutas culturais) establecido polo balneario para este servizo.

A.3 Estancias balnearias con ou sen tren para grupos. Estas subvencións financiarán as estancias balnearias de grupos, en similares condicións que as previstas para os programas A.1 e A.2 (segundo inclúan ou non o transporte en tren). Para ter a consideración de grupos,



NUMERACIÓN
ORACIÓNS
OCASIS



1. Sinatura do Presidente

Folha N.º

14

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

terán que cumprirse as seguintes condicións:

a) Que agrupen, polo menos, a 20 persoas en concepto de solicitantes e/ou acompañantes.

b) Que a solicitude deste programa sexa tramitada por unha entidade adherida ao programa segundo o previsto na base sétima.

c) Que o grupo de solicitantes realice un programa de estancias nun mesmo establecemento balneario e dentro da mesma quenda.

B.- Tratamentos terapéuticos (sen estancia)

Os tratamentos terapéuticos sen estancia (reumatolóxico e respiratorio) inclúen, en todos os casos, consulta médica á chegada do beneficiario ao balneario.

Os tratamentos terapéuticos ofertados neste programa poderán ser de:

- 35 técnicas balnearias repartidas ao longo dun máximo de 15 días.
- 20 técnicas balnearias repartidas ao longo dun máximo de 15 días.
- 10 técnicas balnearias repartidas ao longo dun máximo de 10 días.

O prazo máximo no que se poderán recibir as técnicas balnearias compútase dende o primeiro día en que se comezan a recibir as técnicas.

Cuarta: Descrición do Programa de cultura termal


Estas subvencións financiarán estancias de fin de semana dos beneficiarios nos establecementos balnearios da provincia de Ourense, de 2 días de duración (1 noite) de sábado a domingo, incluíndo pensión completa, 2 técnicas balnearias para os adultos e, no caso de vir acompañados por menores de 12 anos, estancia para os menores (non poderán ser máis dun neno por programa).

No caso de que a persoa solicitante (maior de 18 anos) veña acompañada dun menor, este non poderá realizar tratamentos balnearios en ningún caso.

Quinta.- Réxime xeral dos servizos obxecto de subvención

1. As subvencións reguladas nesta convocatoria cinguen o seu obxecto aos servizos balnearios sinalados nestas bases, entendéndose excluído calquera outro servizo adicional e non previsto nestas bases para cada programa descrito que poida ser prestado polos establecementos aos beneficiarios.

En todo caso, este tipo de servizos adicionais só poderán ser prestados co consentimento dos afectados, sen que de ningunha maneira se lles poida impoñer aos



NUMERADO
ORACIÓNS
OCAIS



Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

beneficiarios a súa recepción.

2. Sen prexuízo da subvención da Deputación, os servizos de estancia e tratamento balneario serán prestados polos establecementos aos usuarios con carácter de servizos privados, prestados conforme ás condicións contractuais que rexen para este tipo de servizos conforme á normativa turística, civil e mercantil aplicable. A Deputación Provincial en ningún caso será parte na relación contractual entre os beneficiarios e os establecementos.

Sexta.- Establecementos balnearios incluídos nos programas subvencionados

1. Os establecementos balnearios onde se realizarán as estancias e tratamentos subvencionados son os seguintes:

Balneario –Hotel Baños de Molgas.

Gran Balneario do Carballiño.

Balneario Arnoia Caldaria.

Balneario Lajas Caldaria

Balneario Lobios Caldaria.


Balneario de Cortegada.

Balneario de Caldas de Partovia.

2. Sen prexuízo do anterior, ao longo do exercicio 2018 poderán incorporarse outros establecementos balnearios da provincia de Ourense que ofrezcan condicións semellantes ás definidas nestas bases e o soliciten de forma expresa. A inclusión de novos establecementos durante a vixencia do programa de subvencións regulada nas actuais bases farase pública oportunamente a través da sede electrónica da Deputación Provincial.

3. Os titulares dos establecementos balnearios incluídos no programa terán a consideración de entidades colaboradoras da Deputación, ao abeiro do establecido no artigo 12 da Lei xeral de subvencións, concretándose os seus dereitos e obrigas mediante convenio de colaboración que se subscribirá pola Presidencia no marco do establecido nestas bases. Entre outros aspectos, o convenio regulará as obrigas de xustificación das subvencións polos establecementos e a obriga de darlle publicidade á participación da Deputación no financiamento dos servizos prestados.

4. O tipo de tratamento ofertado dependerá do balneario seleccionado, podendo ser modificado en función da revisión médica dos beneficiarios realizada á súa chegada ao establecemento.



NUMERADO
ORACIÓNS
OCAIS



(Sinélica co 34/2017)

Folha N.º

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

5. Os prezos finais para o usuario dos servizos de cada establecemento, logo da aplicación das subvencións previstas nas bases, figuran na táboa anexa.

6. A información detallada sobre as características dos establecementos e dos tratamentos ofertados estará dispoñible para consulta dos interesados, durante o prazo de formulación de solicitudes, na dirección electrónica seguinte: <http://termalismo.depourense.es>.

Sétima. Entidades beneficiarias adheridas

As entidades públicas e as entidades privadas sen ánimo de lucro poderán adherirse ao programa de termalismo saudable e cultura termal regulado nestas bases, co fin de facilitarles o acceso ao programa ás persoas integrantes dos colectivos que constitúan o obxecto da súa actividade.

A adhesión destas entidades ao programa poderá realizarse en dúas modalidades alternativas:

a) Adhesión na modalidade xeral: os acordos de adhesión na modalidade xeral poderanse subscribir por calquera entidade pública ou privada sen ánimo de lucro.


b) Adhesión na modalidade terapéutica: os acordos de adhesión na modalidade terapéutica poderán subscribirse por entidades sen ánimo de lucro que teñan como obxecto social a realización, en beneficio das persoas ás que se dirixe a súa acción, de actividades de prevención, tratamento ou recuperación dunha doenza ou patoloxía de carácter físico, psíquico ou sensorial compatible, segundo criterios médicos, co uso terapéutico das augas termais dos balnearios participantes neste programa.

Unha vez adheridas, estas entidades poderán solicitar, en beneficio das persoas ás que representen, as subvencións do Programa de termalismo saudable na modalidade A.3 (estancias balnearias de grupos con ou sen tren). Para tal efecto, a Deputación asignaralles unha clave de acceso para a tramitación telemática das solicitudes.

Ademais, no caso específico das entidades beneficiarias na modalidade terapéutica, o acceso aos programas dará dereito á percepción dunha subvención específica no Programa de termalismo saudable, modalidade A.3, conforme co recollido na base décima.

Oitava. Beneficiarios das subvencións

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases as persoas físicas que reúnan os requisitos que se esixen para cada un dos programas, segundo se expresa a



NUMERADO
DRACIÓN
OCAIS



(Firma do Presidente)

Folha N.º

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

continuación:

Programa tipo 1. Programa de termalismo saudable:

- a) Ter cumpridos ou cumprir no ano 2018, cincuenta anos de idade.
- b) Non padecer enfermidade nin alteración ou contraindicación médica que dificulte ou impida a normal convivencia nos establecementos balnearios.
- c) Ser persoa válida para as actividades da vida diaria.

Tamén poderá ser beneficiaria da subvención, como acompañante, calquera persoa maior de idade que desexe aloxarse nos establecementos balnearios e/ou recibir os tratamentos acompañando a unha persoa que reúna os requisitos sinalados nos apartados a), b) e c) anteriores. Neste caso a súa participación terá que ser pedida de forma conxunta cun solicitante que cumpra os ditos requisitos, realizándose de forma simultánea, na mesma solicitude.

Programa tipo 2. Programa de cultura termal:

- a) Ter cumpridos o solicitante, cando menos, 18 anos de idade
- b) Non padecer enfermidade nin alteración ou contraindicación médica que dificulte ou impida a normal convivencia nos establecementos balnearios.
- c) Ser persoa válida para as actividades da vida diaria.

Tamén poderá ser beneficiaria da subvención unha persoa acompañante do solicitante. Nos balnearios que oferten o programa con nenos menores de doce anos, poderase engadir un acompañante máis menor de doce anos.

O beneficiario principal e os acompañantes aloxaranse na mesma habitación.

Os menores de idade non recibirán tratamentos balnearios en ningún caso.

A participación dos acompañantes terá que ser pedida de forma conxunta coa do solicitante, realizándose de forma simultánea, na mesma solicitude.

2. As persoas interesadas poderán acceder á condición de beneficiarias solicitando as subvencións individualmente (ben sexa no seu propio nome ou mediante representante) do xeito descrito na base décimo segunda, ou a través dunha entidade beneficiaria adherida das previstas na base sétima no caso dos programas de termalismo saudable e para a modalidade A.3.

3. Os interesados unicamente poderán solicitar a concesión da subvención para un dos dous programas previstos na base segunda e descritos nas bases terceira e cuarta.

NUMERACIÓN
ORACIÓNS
DC-15



[Signature]
Secretaría de Presidencia

Serie A. N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

Ademais, dentro do Programa de termalismo saudable só se poderá solicitar unha das súas modalidades. En consecuencia, non se admitirá a formulación de solicitudes para máis dunha modalidade ou programa.

Novena. Disponibilidades orzamentarias

O orzamento previsto para os programas regulados nestas bases é de 90.000 € con cargo á partida orzamentaria: 31331 / 207000 dos orzamentos da Deputación de Ourense para o exercicio 2018.

Décima.- Contía das subvencións e prezos dos servizos

1. As subvencións terán os importes seguintes:

a) Programa de termalismo saudable: Estancias

50 euros por praza no Programa de termalismo saudable, modalidades A.1 e A.2, se o solicitante está empadroado nalgún municipio da provincia de Ourense.

10 euros por praza na modalidade de Programa de termalismo saudable, A.1, A.2, se o solicitante non está empadroado nalgún municipio da provincia.

60 euros, por praza na modalidade A.3, naqueles casos nos que se participe no programa dentro dun convenio subscrito cunha entidade adherida na modalidade terapéutica.

b) Programa de termalismo saudable: Tratamentos terapéuticos sen estancia

70 euros por praza, cando o tratamento terapéutico sen estancia sexa de 35 técnicas ao longo de 15 días.

40 euros por praza, cando se trate de tratamento terapéutico sen estancia de 20 técnicas termiais, ao longo de 15 días.

20 euros por praza, cando se trate dun tratamento de 10 técnicas termiais, ao longo de 10 días.

c) Programa de cultura termal

10 euros por cada praza de maiores de idade, se o solicitante está empadroado nalgún municipio da provincia de Ourense, e 5 euros por praza no caso de que a persoa solicitante non estea empadroada nalgún municipio da provincia de Ourense.

A estancia dun menor de 12 anos, no mesmo réxime que os maiores de idade aos que acompañe, unha subvención de 10 euros, polo que, sendo o prezo do establecemento de 10 euros, estas prazas non terán custe efectivo para o beneficiario.

2. As subvencións recollidas no apartado anterior aplicanse sobre os prezos dos



NUMERADO
ORACIÓN
OCALIS



Signature of the President of the Xunta de Galicia.

Folha N.º

19

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

servizos ofertados polos establecementos para as persoas beneficiarias dos programas, determinando os prezos finais soportados polos usuarios, que figuran no anexo destas bases.

Os prezos sinalados no anexo son prezos finais, incluíndo o IVE actualmente vixente. Se no momento da facturación dos servizos correspondentes se modifícase o IVE aplicable, o aumento ou redución do imposto repercutirase no beneficiario, incrementando ou reducindo a contía para pagar na cantidade que proceda.

Os prezos sinalados son pechados para todos os servizos incluídos en cada praza, sen que exista a posibilidade de efectuar dedución ningunha, se por calquera causa a persoa participante non emprega todos ou algúns dos servizos ofertados.

3. A subvención da Deputación libraráselles directamente aos establecementos termiais colaboradores, tras a presentación previa ante a Deputación da xustificación conforme co establecido no convenio de colaboración cos establecementos balnearios.

Décimo primeira.- Forma de pago dos servizos subvencionados por parte dos beneficiarios.

1. Os beneficiarios aboarán o prezo das prazas da forma seguinte:

a) Previamente á formalización da solicitude de subvención e á súa presentación no Rexistro Xeral da Deputación, o interesado deberá autorizar ao establecemento balneario da súa elección a efectuar, con cargo a unha tarxeta de crédito, a realización dunha retención en garantía do pago da estancia ou tratamento.

b) No programa de termalismo saudable (estancias balnearias), modalidades A.1, A.2 e A.3, a retención en garantía do pago poderá ser do 100% do prezo total ou dunha contía inferior, a elección do solicitante. No caso de que a persoa solicitante desexa que se realice unha retención inferior en garantía de pago, será da contías seguintes:

- A1: 50 € en concepto de reserva de praza.

- A2: 100 € / 50 € segundo o programa de estancias + tren, incorpore traxectos de longo percorrido ou non.

- A3: Sen tren, 50 €. No caso de incorporar tren, a contía será de 100 € ou de 50 € segundo se trate de traxectos de longo percorrido ou non.

Para os efectos destes programas, son traxectos de longo percorrido en tren aqueles que se realizan en dúas paradas, unha delas en tren de alta velocidade.

c) No Programa de cultura termal e Programas de tratamentos balnearios sen estancia



NUMERADO
ORACIÓN
OCALIS

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

a única opción será a retención do 100% do prezo do programa pedido polo solicitante.

2. A cantidade pendente para completar o pago total da praza, de ser o caso, aboaráselles directamente aos establecementos balnearios no momento da chegada a eles, facéndoselles entrega da factura correspondente.

3. En caso de que o solicitante decida renunciar á praza adxudicada, poderá facelo e terá dereito a que se lle libere a retención en garantía, que verá reflectida na súa tarxeta de crédito. Para que poida ser efectivo o dereito a esta devolución, a renuncia terá que facerse cun mínimo de 15 días naturais de antelación á data de inicio do seu programa subvencionado. A renuncia tramitarase telematicamente a través da plataforma informática.

No caso de que a renuncia implique unha modificación de datas para a realización do programa, só se permitirá unha única modificación de datas. De producirse unha segunda renuncia a este período alternativo non existirá posibilidade de devolución do importe de reserva.

4. Os usuarios poderán solicitar unha habitación individual, así como calquera outro servizo adicional ofertado polo establecemento. Estes servizos non serán obxecto de subvención, e serán aboados exclusivamente polo usuario que os solicite.


Décimo segunda. Solicitudes. Prazo, modo e lugar de presentación e documentación esixible.

1. As solicitudes poderán presentarse desde o día seguinte ao da publicación destas bases na Base de Datos Nacional de Subvencións, e ata esgotar o crédito orzamentario, e, en todo caso, sempre dentro dos períodos ofertados durante o exercicio 2018.

2. As solicitudes deberanse tramitar telematicamente, a través da dirección electrónica <http://termalismo.depourense.es>, rexistrándose no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Ourense.

3. Para a tramitación e presentación da solicitude, os interesados seguirán o seguinte procedemento:

a) Os solicitantes, ou os seus representantes, formularán a solicitude telematicamente empregando un sistema de identificación electrónica consistente no emprego de claves concertadas nun rexistro previo, establecido pola Presidencia conforme co disposto no artigo 4.1 da Ordenanza reguladora do acceso electrónico aos servizos provinciais en relación cos artigos 10.2.c) e 9.2.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo



NUMERACIÓN
ORACIÓNS
OCAIS



1. Sinatura do Presidente

Folha N.º

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

común das administracións públicas. Para tal efecto, tras a comunicación no proceso de rexistro como usuario de información de identificación persoal do interesado que poida ser obxecto de comprobación pola Deputación, a plataforma facilitaralle ao interesado a súa clave de identificación, coa que realizará a solicitude.

b) Obtida a clave de identificación, e mediante o seu uso, o solicitante realizará directamente a reserva para o programa e as datas que desexe, utilizando o modelo normalizado establecido para o efecto. Este proceso tramitarase en liña a través da plataforma informática. Simultaneamente, e antes de completar o proceso, a plataforma facilitará, a través dunha pasarela de pagos, a realización da retención en garantía prevista na base décimo primeira.

A plataforma informática requirirá automaticamente a emenda das deficiencias consistentes na ausencia da documentación anexa prevista neste apartado, de xeito tal que o proceso de presentación da solicitude non poderá completarse ata que a dita deficiencia sexa emendada.

Non será necesario achegar ningunha documentación coa solicitude, xa que a Deputación procederá, de oficio, á comprobación dos datos do interesado necesarios para resolver o procedemento, mediante consulta nas plataformas de intermediación de datos das administracións públicas de acordo co establecido nos artigos 28.2 e 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, sendo os datos obxecto de consulta os seguintes:

1) A identidade e data de nacemento da persoa física solicitante, a través do seu DNI ou NIE.

2) O municipio de empadramento do solicitante.

Non obstante o anterior, o interesado deberá achegar coa solicitude a documentación que se indica nos seguintes casos:

1) No suposto de persoas estranxeiras non residentes en España, deberán presentar copia electrónica auténtica do seu pasaporte.

2) No suposto no que o solicitante lle denegue expresamente a autorización á Deputación para a consulta dos seus datos, deberá achegarse copia electrónica auténtica do seu DNI ou NIE e do seu certificado de empadramento.

3) No suposto en que non sexa tecnicamente posible que a Deputación efectúe a



NUMERADO
ORACIONES
OCAIS



Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

consulta dos seus datos, a Deputación poderá requirir ao interesado para que achegue a documentación necesaria.

4. Unha vez concluído o proceso de solicitude, a súa presentación no Rexistro Xeral realizarase a través da plataforma, ben automaticamente, ou ben, de non ser isto posible, polos funcionarios da Área de Benestar.

5. No caso de solicitudes formuladas por entidades beneficiarias adheridas, estas se tramitarán conforme ao especificado no acordo de adhesión.

6. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, os interesados poderán dirixirse á Área de Benestar da Deputación Provincial que lles prestará a asistencia precisa aos interesados, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres. Esta posibilidade estará dispoñible ata as 14.00 horas do último día hábil do prazo de solicitude.

Décimo terceira.- Xestión de solicitudes e concesión de subvencións

A Área de Benestar da Deputación de Ourense xestionará as solicitudes presentadas, concedéndose as subvencións conforme co sinalado nesta base, en función da dispoñibilidade de prazas existentes en cada momento, determinada polo crédito orzamentario dispoñible.

As subvencións adxudicaranse, seguindo a orde de prelación establecida pola data e hora de presentación da solicitude beneficiaria da subvención. Este código data/hora será xerado de forma automática pola plataforma informática por cada solicitude que se presente.

A información sobre o número de prazas dispoñibles en cada momento será pública e accesible de xeito permanente a través da plataforma informática.

A xestión electrónica das solicitudes realizarase cada venres (semanalmente) e referirase a todas as solicitudes presentadas entre 00.01 horas do venres anterior ao da valoración ata as 23.59 horas do xoves previo ao venres de valoración. O sistema determinará a cualificación como "conforme con subvención Deputación", ou "excluída", en atención a que cumpran cos requisitos de acceso esixible para cada programa ou non, e da existencia de crédito orzamentario dispoñible.

As solicitudes que sexan conformes integrarán unha lista ordenada, na que se incluírán todas as que foron obxecto de xestión nesa semana, quedando automaticamente concedidas as subvencións correspondentes.

O listado non será obxecto de notificación individual, que será substituída pola súa



NUMERACIÓN
ORACIÓN
OCAS



Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente a ordinaria do 12 de decembro de 2017

publicación na sede electrónica da Deputación Provincial, ao abeiro do establecido no artigo 45.2.b) da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas. Non obstante, advertiráselles mediante correo electrónico ou sms aos interesados que fagan constar o seu enderezo de correo electrónico ou teléfono móbil na súa solicitude.

En todo caso, os interesados poderán dirixirse en todo momento á Área de Benestar da Deputación Provincial que facilitará a información precisa, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres.


Décimo cuarta.- Normativa de aplicación

No non disposto nestas bases, será de aplicación o establecido na vixente lexislación reguladora das subvencións provinciais.

2º) Ordenar que se proceda á convocatoria das subvencións mediante a publicación das presentes bases na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial.

ANEXO:

PROGRAMA	PROGRAMA	Solicitude comprometida na provincia de Ourense	PREZO FINAL LOGO DE APLICARSELLE A SUBVENCIÓN	
			Charge entidades terapéuticas	Solicitante non comprometido na provincia de Ourense
BALNEARIO ARNOLA CARIDARIA	Estancia balnearia 6 días. Habitación dobre compartida	225 €	215€	265 €
	Estancia balnearia. Habitación individual (supl. 80 €)	320 €	310€	360 €
	Fin de semana individual	86€	76€	91€
	Fin de semana parella	134 €	114€	144 €
	Fin de semana individual + 1 menor	86€	66€	91€
	Fin de semana parella + 1 menor	134 €	104€	144 €
BALNEARIO - HOTEL DE BAÑOS DE MOLGAS	Estancia balnearia 6 días. Habitación dobre compartido	200 €	190€	240 €
	Estancia balnearia. Habitación individual (supl. 50 €)	250 €	240€	290 €
	Tratamento balneario 35 técnicas termais	100 €	100€	100 €
GRAN BALNEARIO O CARBALLINO	Estancia balnearia. Habitación dobre compartida	184 €	174€	224 €
	Estancia balnearia. Habitación individual (supl. 50 €)	234 €	224€	274 €
	Tratamento balneario 20 técnicas termais	130 €	130€	130 €
	Tratamento balneario 35 técnicas termais	195 €	195€	195 €





Sec. da Corporación

Signature do Presidente

Foto nº

24

Serie A N.º 2791692


Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

	Tratamento balneario 10 técnicas termais	85 €	85€	85 €
BALNEARIO LAIAS CALDARIA	Estancia balnearia. Habitación dobre compartida	225 €	213€	265 €
	Estancia balnearia. Habitación individual (supl. 80 €)	320 €	310€	360 €
	Fin de semana individual	86 €	76€	91 €
	Fin de semana parella	134 €	114€	144 €
	Fin de semana individual + 1 menor	86€	66€	91 €
	Fin de semana parella + 1 menor	134 €	104€	144 €
	Fin de semana parella + 1 menor	134 €	104€	144 €
BALNEARIO LOBIOS CALDARIA	Estancia balnearia. Habitación dobre compartida	225 €	213€	265 €
	Estancia balnearia. Habitación individual (supl. 80 €)	320 €	310€	360 €
	Fin de semana individual	86 €	76€	91 €
	Fin de semana parella	134 €	114€	144 €
	Fin de semana individual + 1 menor	86 €	66€	91€
	Fin de semana parella + 1 menor	134 €	104€	144 €
	Fin de semana parella + 1 menor	134 €	104€	144 €
BALNEARIO DE CALDAS DE PARTOVIJA	Tratamento balneario 20 técnicas termais	130 €	130€	130 €
	Tratamento balneario 35 técnicas termais	195 €	195€	195 €
	Tratamento balneario 10 técnicas termais	85 €	85€	85 €
	Tratamento balneario 10 técnicas termais	85€	85€	85€
BALNEARIO DE CORTEGAÑA	Tratamento balneario 20 técnicas termais	130 €	130€	130 €
	Tratamento balneario 35 técnicas termais	195 €	195€	195 €
	Tratamento balneario 10 técnicas termais	85€	85€	85€
	Tratamento balneario 10 técnicas termais	85€	85€	85€

7.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Por parte da Presidencia sométese a súa inclusión na orde do día, polo trámite de urxencia, a proposta de fixación de prezos públicos que a continuación se indicará. A urxencia vén motivada pola necesidade de pór a disposición do público a referida obra de forma paralela á exposición organizada por esta Deputación sobre a mesma temática.

Trala unánime declaración da urxencia do asunto, por non figurar incluído na orde do día, adoptouse o seguinte acordo:

7.a) FIXACIÓN DE PREZOS DE PUBLICACIÓN QUE EDITARÁ A DEPUTACIÓN PROVINCIAL.- Unha vez vista a proposta formulada pola xefa da Sección de Arquivo e Publicacións, para fixación do prezo da publicación que se cita a



NUMERADO
ORACIÓN 5
OCAIS



Assinatura do Presidente

Folio N.º

Serie A N.º 2701692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de decembro de 2017

continuación, considerando que a dita proposta se axusta ó establecido no artigo 3.2 da Ordenanza provincial reguladora de prezos públicos pola venda de publicacións editadas por esta Deputación, e tratándose dunha obra que a Deputación considera de especial interese cultural, tras a unánime declaración da urxencia do asunto, por non figurar incluído na orde do día, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno, adopta o seguinte acordo:**

1º.- Fíxa-lo prezo de venda ó público da seguinte publicación, polo importe que se indica:

Autores: López Quiroga, JE e Martínez Tejera, AM

Obra: In tempore suezorutn. *El tiempo de los suevos en la Gallaecia (411-585). La creación del primer reino medieval de Occidente.*

Prezo: vinte euros (20 euros) IVE incluído, cada exemplar.

2º.- Deste acordo daráselle conta á comisión informativa competente.


8.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás nove horas e trinta minutos, do referenciado día doce de decembro do ano dous mil dezasete, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE.

O VICESECRETARIO.



NUMERADO
ORACIÓN
OCAIS